



DATOS IDENTIFICATIVOS

Seminario de literatura galega desde 1900 ata 1936

Materia	Seminario de literatura galega desde 1900 ata 1936			
Código	V01G160V01508			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernandez Alvarez, Manuel Santiago			
Profesorado	Fernandez Alvarez, Manuel Santiago			
Correo-e	mffft@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Curso sobre a literatura galega editada ou producida entre 1900 e 1936			

Competencias de titulación

Código	
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A11	Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.
A12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer en profundidade a tradición literaria galega do séc. XX	A3 A6 A7 A8 A9 A11 A12	B2 B4
Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas da teoría literaria, así como sintetizar, relacionar e describir a tradición literaria galega nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.	A3 A6 A7 A8 A9 A11 A12	B2 B4
Comprender a historia das ideas estéticas que subxace á evolución das tradicións literarias.	A3 A6 A7 A8 A9 A11 A12	B2 B4
Valorar a construción do Sistema Literario Galego como un produto da nosa historia e da nosa singularidade en tanto que pobo peculiar.	A3 A6 A7 A8 A9 A11 A12	B2 B4

Contidos

Tema

As Irmandades da Fala	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Organización e definición ideolóxica. 1.2. Dúas figuras fundamentais: Antón e Ramón Vilar Ponte. 2. O proxecto cultural das Irmandades ou a configuración dun sistema literario. <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Liñas de actuación. 2.2. Creación e/ou consolidación de infraestruturas culturais. 3. Renovación, difusión e popularización da prosa. <ol style="list-style-type: none"> 3.1. As coleccións de novela curta. 3.2. A renovación temática e estética: tendencias e autores: Leandro Carré. X. Magariños. X. Lesta Meis. Outros autores. <ol style="list-style-type: none"> 3.2.1. Análise literaria dalgunha destas obras. 4. O teatro: a vontade de creación dun teatro nacional. <ol style="list-style-type: none"> 4.1. Problemas da dramaturxia galega no tempo das Irmandades. 4.2. A praxe teatral das Irmandades. <ol style="list-style-type: none"> 4.2.1. A creación de infraestruturas teatrais. 4.3. A renovación temática e estética: Tendencias e autores: Ramón Cabanillas. Armando Cotarelo. Leandro Carré. Xaime Quintanilla. Antón Vilar Ponte. Outros autores. Outros autores. 5. A poesía no tempo das Irmandades. <ol style="list-style-type: none"> 5.1. Ramón Cabanillas. <ol style="list-style-type: none"> 5.1.1. Biografía e obra literaria. 5.1.2. Estética e evolución literaria. 5.1.3. Análise literaria de Da Terra Asoballada. 5.2. Antonio Noriega Varela e os problemas de periodización da súa obra. 5.3. Outros poetas epígonos do Rexurdimento: Gonzalo López Abente. Victoriano Taibo García. Xerardo Álvarez Limeses. Antonio Rey Soto.
-----------------------	--

O grupo Nós: enxebrismo e universalismo	<p>6. Caracterización do grupo. Nós e a súa decisiva influencia no mundo cultural galego</p> <p>6.1. O papel das elites intelectuais nos procesos de configuración do discurso nacionalista.</p> <p>6.2. A configuración do discurso identitario na Galiza.</p> <p>6.3. A capacidade de aglutinación de sectores e de grupos xeracionais arredor dun proxecto colectivo.</p> <p>6.4. A conciencia da necesidade de proxección universal da cultura galega.</p> <p>7. Actividades.</p> <p>7.1. A revista Nós.</p> <p>7.2. A consolidación da prosa: narrativa e ensaio.</p> <p>7.3. O cultivo doutros xéneros: teatro e poesía.</p> <p>7.4. A creación de estruturas e liñas de investigación para o coñecemento científico da Galiza: O Seminario de Estudos Galegos.</p> <p>8. Integrantes: Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Alfonso D. R. Castelao, Florentino Cuevillas, Antón Lousada Diéguez. Outros autores.</p>
Percurso vital e ideolóxico de Vicente Risco	<p>9. A personalidade intelectual de Vicente Risco. Obra literaria.</p> <p>9.1. Obra ensaística: teoría política, filosofía, crítica literaria e literatura de viaxes.</p> <p>9.2. Obra narrativa.</p> <p>9.2.1. Primeira produción: as pegadas do Modernismo.</p> <p>9.2.2. A interpretación idílica da Terra.</p> <p>9.2.3. Sátira e escepticismo.</p> <p>9.2.4. A modernidade entre a decadencia e o nihilismo.</p> <p>9.3. Obra dramática.</p> <p>9.4. Obra lírica.</p>
Percurso vital e ideolóxico de Otero Pedrayo	<p>10. A personalidade intelectual de Otero Pedrayo.</p> <p>10.1. Obra narrativa. Propostas de clasificación da narrativa.</p> <p>10.2. O proceso de ficcionalización da historia na narrativa oteriana.</p> <p>10.3. Ideoloxemas nacionalitarios na narrativa oteriana.</p> <p>11. Obra ensaística.</p> <p>11.1. Interrelación entre xéneros na obra de Otero Pedrayo.</p> <p>12. Obra dramática e obra poética.</p> <p>13. Recepción da obra oteriana no seu tempo e na literatura posterior.</p>
Percurso vital e ideolóxico de Afonso Daniel Rodríguez Castelao	<p>14.1. Castelao narrador</p> <p>14.2. Castelao ensaísta</p> <p>14.3. Castelao dramaturgo</p> <p>14.4. Castelao debuxante e artista plástico</p> <p>14.5. Outros Castelaos</p>
As experiencias vangardistas na Europa de comezos de século	<p>15.1. Caracterización xeral das vangardas galegas.</p> <p>15.2. Medios de difusión.</p> <p>15.3. Principais liñas da vangarda poética.</p> <p>15.4. Entre a tradición e a renovación poética.</p> <p>15.5. O Neopopulismo imaxinista / hilozoísta: Luís Amado Carballo.</p> <p>15.6. O Neotrobadorismo: Fermín Bouza Brey e Álvaro Cunqueiro.</p> <p>15.7. As experiencias vangardistas: Manuel Antonio e Álvaro Cunqueiro.</p> <p>16. A narrativa da □Nova Xeración Galega□</p> <p>16.1. Narradores nunha xeración de poetas</p> <p>16.2. Rafael Dieste e Os arquivos do Trasnó.</p> <p>17. O teatro.</p> <p>17.1. Rafael Dieste e A fiestra valdeira.</p> <p>17.2. Outros autores.</p>

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	1	3
Sesión maxistral	24	24	48
Obradoiros	20	28	48
Eventos docentes e/ou divulgativos	0	12	12
Traballos tutelados	0	20	20
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	1	10	11
Probos de resposta curta	1	7	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Haberá unha sesión introdutoria ao conxunto da materia, de dúas horas de duración, con delimitación dos seus contidos, métodos, probas a realizar, textos que deben ler os alumnos , etc.
Sesión maxistral	A docencia centrarase na análise exhaustiva arredor de catro núcleos textuais e autorais, dos que se irán derivando calas noutras obras e autores adxacentes: 1. Teoría do nacionalismo galego de Vicente Risco. 2. Arredor de si de Ramón Otero Pedrayo. 3. Poemas de si e non de Álvaro Cunqueiro. 4. A fiestra valdeira de Rafael Dieste fronte a Os vellos non deben de namorarse de Castelao.
Obradoiros	Realizaranse comentarios de texto de numerosos fragmentos textuais ou culturais vinculados coas obras obxecto deste programa.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Eventualmente o alumnado poderá acudir a conferencias, recitais, mesa redondas, proxeccións de filmes, seminarios literarios, representacións teatrais, etc. e deberá realizar un breve resumo por escrito desta actividade.
Traballos tutelados	O alumnado deberá realizar ao longo do curso un conxunto de breves traballos que se irán sinalando segundo se vaia desenvolvendo a dinámica da docencia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	 Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faiclick ou outras.
Sesión maxistral	 Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faiclick ou outras.
Obradoiros	 Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faiclick ou outras.
Eventos docentes e/ou divulgativos	 Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faiclick ou outras.
Traballos tutelados	 Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faiclick ou outras.
Probas	Descrición
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	 Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faiclick ou outras.
Probas de resposta curta	 Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma faiclick ou outras.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Actividades introdutorias	Descrición xeral da materia. 1. Competencias. 2. Contidos. 3. Planificación docente. 4. Metodoloxía docente. 5. Atención personalizada. 6. Recomendacións.	1
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia a clase así como a participación en debates e comentarios de textos e ideas.	7
Obradoiros	Valorarase a asistencia ás sesións de comentario de textos así como a participación nos debates suscitados.	17
Eventos docentes e/ou divulgativos	Valorarase a asistencia a conferencias, recitais, representacións teatrais, proxeccións cinematográficas, seminarios, etc., recomendados polo profesor.	17
Traballos tutelados	A lectura de obras literarias e a reflexión sobre estas será obxecto de atención prioritaria. O alumno deberá realizar ao longo do curso breves comentarios escritos sobre textos concretos determinados polo profesor.	7
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	O alumnado realizará unha ou dúas probas de resposta longa durante o cuadrimestre consistente no desenvolvemento dun comentario ou temas con amplitude de detalles e profundidade expositiva.	26

Outros comentarios sobre a Avaliación

É preciso obter unha puntuación de aprobado en todos os procedementos avaliadores, antes de calcular a media total da materia.

O alumnado que non participe no desenvolvemento diario da materia poderán presentarse a un exame final, ao que deberá concorrer cos traballos de comprobación de lectura dos libros de lectura obrigatoria, e que estará dividido en tres partes:

1. Recoñecemento de textos. 20%
2. Preguntas breves con resposta curta. 40%
3. Grandes epígrafes para resposta longa e desenvolvemento. 40%

O alumnado que suspenda a avaliación continuada presentarse a un exame no mes de xullo, ao que deberá concorrer, igualmente, cos traballos de comprobación de lectura dos libros de lectura obrigatoria (ou aqueles que non entregasen previamente durante o desenvolvemento normal do curso), no que será avaliado en base a:

1. Recoñecemento de textos. 20%
 2. Preguntas breves con resposta curta. 40%
 3. Grandes epígrafes para resposta longa e desenvolvemento. 40%
-

Bibliografía. Fontes de información

Abuín González, A. / Ruibal, E. R. (2001): *□O teatro galego entre 1900 e 1936□*, en Tarrío, A. (coord.): *Galicia. Literatura. O século XX. A literatura anterior á Guerra Civil. Vol. XXXII: 278-325* (A Coruña: Hércules).

Beramendi, J. G. / Núñez, X. M. (1995): *O nacionalismo galego*. (Vigo: A Nosa Terra).

Beramendi, X. G. (1984): *□Ideoloxía e política en Vicente Risco□*, *Grial*, 86: 428-440.

Carballo Calero, R. (1932): *□Balance e inventario da nosa literatura□*,

Nós, 108

: 222-223.

Carballo Calero, R. (1982): *□Álvaro Cunqueiro□*, en *Libros e autores galegos. Séc. XX: 271-306* (A Coruña: Fundación "Pedro Barrié de la Maza conde de Fenosa").

Carballo Calero, R. (1982): *□Ramón Otero Pedrayo□* en *Libros e autores galegos, século XX. Vol. II: 117-164* (A Coruña: Fundación Barrié).

Casares, C. (1981): *Vicente Risco: 50-87* (Vigo: Galaxia).

Casares, C. (1981): *Ramón Otero Pedrayo: 83-126* (Vigo: Galaxia).

Casas, A. (2000): *□A poesía entre 1900 e 1936□*, en Tarrío, A. (coord.): *Galicia.Literatura. O século XX. A literatura anterior á Guerra Civil. Vol. XXXII: 84-213* (A Coruña: Hércules).

Fernández Pérez-Sanjulián, C. (2003):

A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo

. (Vigo: A Nosa Terra).

Fernández Pérez-Sanjulián, C., (2003): *□Ideoloxemas nacionalitarios na narrativa de Ramón Otero Pedrayo□*, en *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo: 125-255* (Vigo: A Nosa Terra).

Freire Lestón, X. V. (1997): *A actividade editorial en Galicia (1850-1936). Apuntamentos para unha historia do libro galego* (Vigo: Ed. do Cumio).

Hermida, M. (1987): *As revistas literarias en Galicia na Segunda República* (A Coruña: Ed. do Castro).

López, T. (1996): "O neotrobadorismo. Fermín Bouza-Brei", en VV. AA.: *Historia da literatura galega: 897-928* (Vigo: AS-PG / A Nosa Terra).

Méndez Ferrín, X. L. (1984): *De Pondal a Novoneira* (Vigo: Xerais).

Méndez Ferrín, X. L. (1984): "Álvaro Cunqueiro", en *De Pondal a Novoneira*: 151-171 (Vigo: Xerais).

Millán Otero, X. M. (1996): "Grupo Nós: Vicente Risco", en VV. AA.: *Historia da literatura galega: 738-768* (Vigo: AS-PG / A NOSA TERRA).

Molina, C. A. (1989): *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)* (Vigo: Xerais).

Quintana, X. R. / Valcárcel, M. (1988): *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*: 13-109 (Vigo: Ir Indo).

Sanmartín Rei, A. (1996): "O vangardismo: Manuel Antonio e Álvaro Cunqueiro", en VV. AA.: *Historia da literatura galega: 833-864* (Vigo: AS-PG / A Nosa Terra).

Tarrío, A. (coord.): *Galicia. Literatura. O século XX. A literatura anterior á Guerra Civil. Vol. XXXII*, (A Coruña: Hércules).

Tato Fontaiña, L. (1995): *Teatro e nacionalismo. Ferrol, 1915-1936* (Santiago: Laiovento).

Valcárcel, M. (2000): "Prensa cultural e literaria no período 1916-1936", en Tarrío, A. (coord.): *Galicia. Literatura. O século XX. A literatura anterior á Guerra Civil. Vol. XXXII*: 382-447 (A Coruña: Hércules).

VV. AA.: *Historia da literatura galega* (Vigo: AS-PG / A Nosa Terra).

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Seminario de literatura galega ata 1900/V01G160V01507

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Panorama da literatura galega II/V01G160V01303